



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

AXUDAS DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO 2019/2020

Prazo de presentación

Finalizará o 30 de setembro de 2019.

Contía da axuda

90 euros para os cursos de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos)

Destinatarios

As **familias** con menor poder adquisitivo do **Concello do Pereiro de Aguiar** que cumpran os seguintes requisitos:

- Convivir con menores ao seu cargo, escolarizados en centros de ensinanza públicos ou privados en tramos concertados en Educación Infantil.
- Estar todos os membros da unidade de convivencia empadroados no Concello do Pereiro de Aguiar como mínimo desde o 1 de xaneiro de 2019.
- Non superar os 8.000,00 € de renda per cápita anual (Computarase un membro máis no caso de presentar algún deles unha discapacidade igual ou superior ao 33%)
- Estar ao corrente no pagamento de todos os tributos e taxas municipais
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Documentación a presentar

- Anexo I de solicitude
- Anexo II declaración responsable e autorización para obtención de datos
- DNI/NIE/PASAPORTE (en vigor) de todos os membros da unidade de convivencia
- Certificado do centro educativo no que estea/n matriculad@/s @/s nen@/s.
- Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2017, de cada un dos membros computables da unidade de convivencia. En caso de non estar obrigado a presentala, deberá achegar certificado negativo de facenda, certificado de imputacións de renda e xustificantes dos ingresos obtidos no ano 2017 (certificado empresa, certificado do SEPE, xustificante de pensión...)
- No caso de separación ou divorcio legal, copia da sentenza e do convenio regulador. En situacións de impago das achegas establecidas, copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.
- Pódese presentar xa neste intre a documentación acreditativa da xustificación da subvención (factura orixinal) co fin de axilizar a tramitación do expediente.

Xustificación e pagamento

O prazo de xustificación da axuda rematará o día 30 de outubro de 2019.

Procederase ao pago da axuda unha vez que os beneficiarios xustifiquen debidamente o importe da subvención concedida mediante:

- Factura orixinal ou copia cotexada do gasto realizado.
- Declaración responsable de todas as axudas, solicitadas ou non, e concedidas ou non, para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas.

No Pereiro de Aguiar, a 6 de xuño de 2019

O alcalde en funcións,

Eliseo Fernández Gómez.

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395